

GRAN CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2012 - INFANTIL

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2012, o Concello de Lugo convoca o Gran Concurso Infantil de Disfraces, tendo en conta as seguintes bases:

1. Participantes: poderán concursar todas as persoas que o desexen.
2. Categorías: diferéncianse as categorías de INFANTIL e ADULTO coa seguinte clasificación para o disfrace:

- Individual
- Parellas
- Comparsas

Na categoría de infantil haberá un premio especial para os disfraces de elaboración propia e con materiais reciclados: papel, cartón, cartolina, cortizas, follas de árbores, plásticos, bricks, etc. A obtención deste premio será compatible con algún dos outros tres.

3. Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición: O prazo para a presentación das solicitudes rematará o día 17 de febreiro, ás 14.30 horas. As inscricións entregaranse na Concellería de Cultura situada na Praza Maior, 1, 27001, Lugo.

4. O concurso terá lugar o día 21 de febreiro a partir das 17'00 horas. Os participantes concentraranse na praza da Soidade media hora antes do desfile. Discorrerá por Santo Domingo, rúa da Raíña e praza Maior.

5. Premios: establécense os seguintes premios segundo as categorías:

Individual:

1º premio: vale por lote de libros de 50,00 €

2º premio: vale por lote de libros de 40,00 €

3º premio: vale por lote de libros de 30,00 €

Premio especial ó disfrace reciclado: vale por lote de libros de 50,00 €

Parellas:

1º premio: vale por lote de libros de 75,00 €

2º premio: vale por lote de libros de 60,00 €

3º premio: vale por lote de libros de 50,00 €

Premio especial ó disfrace reciclado: vale por lote de libros de 75,00 €

Comparsas:

1º premio: vale por lote de libros de 150,00 €

2º premio: vale por lote de libros de 120,00 €

3º premio: vale por lote de libros de 100,00 €

Premio especial ó disfrace reciclado: vale por lote de libros de 150,00 €

6. Xurado: Estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade.

7. Aceptación: O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación destas BASES.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2012
CATEGORÍA DE INFANTIL

1.- Seleccionar a categoría de disfraz na que se vai participar:

- INDIVIDUAL
- PARELLA
- COMPARSA

2.- DATOS PERSOAIS

-Nome e apelidos: _____

-Teléfono: _____

-Correo electrónico (opcional): _____

3.- DATOS DO DISFRACE

-Nome do disfraz / comparsa: _____

-Número de compoñentes da comparsa: _____

4.- OBSERVACIÓNS:

VEHÍCULO matrícula do vehículo: _____ Dimensións do vehículo: _____

MÚSICA PROPIA

-Outras observacións: _____

Lugo, _____ de _____ de 2012